



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Economía Mundial e Española	Código	611G02011	
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía Aplicada 1			
Coordinación	Lopez Rodriguez, Abel Francisco	Correo electrónico	francisc.lrodriguez@udc.es	
Profesorado	Lopez Rodriguez, Abel Francisco Mezo Balaca, Ines Nuñez Gamallo, Ramon Jose	Correo electrónico	francisc.lrodriguez@udc.es ines.mezob@udc.es ramon.nunez.gamallo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O estudo da economía mundial debe basearse na localización dos elementos esenciais que definen e identifican a realidade socio-económico que vai ser estudada. A economía internacional é concibida como un sistema interdependente no que o principal dinamismo xorde do centro capitalista, aínda que os seus efectos se espallan velozmente, hoxe en día, a todos os países do mundo. Xa que logo, débese comezar identificando as características estruturais do capitalismo, definindo, primeiro, as relacións económicas internacionais para, de seguida, conceptualizar a evolución desas relacións.</p> <p>Unha vez dado ese paso e debido a que a realidade económica en estudo consta dunha chea de feitos, obxectos e relacións, é preciso un criterio previo de selección. Por tanto, a análise comeza coas economías capitalistas desenvolvidas, céntrase logo na periferia do sistema e, ao cabo, esténdese ao ámbito das relacións económicas internacionais.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Xestionar e administrar unha empresa ou organización de pequeno tamaño, entendendo a súa ubicación competitiva e institucional e identificando as súas fortalezas e debilidades.
A2	Integrarse en calquera área funcional dunha empresa ou organización mediana ou grande e desempeñar con soltura calquera traballo de xestión nela encomendada.
A3	Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa.
A4	Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas de empresas e mercados.
A5	Redactar proxectos de xestión ou de áreas funcionais da empresa.
A6	Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A7	Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A8	Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A9	Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A10	Ler e comunicarse no ámbito profesional nun nivel básico en máis dun idioma, en especial en inglés
A11	Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A12	Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1-Comprender coñecementos na área de estudo que parte da base da educación secundaria general, que apoiándose en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2-Saber aplicar os coñecementos ao seu traballo dunha forma profesional e posuír as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de traballo



B3	CB3-Saber reunir e interpretar datos relevantes da área de estudo para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4-Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5-Desenvolver habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1-Saber desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións empresariais
B7	CG2-Saber manexar os conceptos e técnicas empregados nas diferentes áreas funcionais da empresa, así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización
B8	CG3-Saber tomar decisións, e, en xeral, asumir tarefas directivas.
B9	CG4-Saber identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, seleccionar e motivar as persoas, tomar decisións en condicións de - incerteza, alcanzar os obxectivos propostos e avaliar resultados
B10	CG5-Respectar os dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, respectar a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
1. Coñece-los rasgos básicos da economía mundial e española.	A1	B1	C1
	A2	B2	C8
2. Coñecer as interrelacións entre los fluxos de produción, renda e gasto, familiarizando ao alumnado coas principais macromagnitudes dunha economía.	A3	B8	
	A4	B9	
	A10	B10	
3. Coñecer os principais modelos económicos que explican funcionamento das economías, a nivel introductorio.			
4. Coñecer e comprender a importancia da taxa de crecemento a longo prazo e mais a magnitude das diferencias de renda entre países.			
5. Fixar uns coñecementos básicos das principais macromagnitudes e mais a súa sistematización a través de instrumentos de análise cuantitativo como a Contabilidade Nacional (SEC) e a Balanza de Pagamentos.			
6. Coñecer o fenómeno da globalización así como o seu potencial e mais os seus riscos para o desenvolvemento dos países.			
7. Coñecer e valorar o papel das institucións internacionais encargadas de regular as relaciones económicas internacionais, especialmente as comerciais e financieras e os seus retos de futuro.			
8. Coñecer as formulacións en relación á sustentabilidade do desenvolvemento e as estratexias deseñadas nos últimos anos a tal efecto.			



1. Identificar as fortalezas e debilidades das economías mundial e española e posicionarse nos principais debates actuais sobre coiuntura e tendencias da economía mundial.	A5 A6 A7	B2 B5	
2. Entender e analizar a influencia do crecemento da la poboación, dos recursos naturais, da acumulación de capital físico e humano, da tecnoloxía, das institucións e das desigualdades no desenvolvemento económico dos países.	A8 A9 A11		
3. Coñecer e manexar con certa habilidade as fontes estatísticas e documentais existentes relacionadas coa economía mundial e española.	A12		
4. Aplicar as ferramentas de análise económica ao estudo da economía mundial.			
5. Capacidade para interpretar con rigor económico as novas relacionadas coa economía mundial e española.			
6. Utilizar correctamente o léxico económico máis vencellado á materia.			
1. Compromiso ético co traballo e a sociedade.		B3 B4 B6 B7	C4 C5 C6 C7
2. Capacidade para traballar en equipo.			
3. Capacidade para interesarse polos problemas económicos e mais a súa resolución.			
4. Capacidade para reflexionar e posicionarse en relación cos problemas económicos máis relevantes.			
5. Habilidade para procurar, filtrar, procesar e interpretar economicamente diversas fontes de información (bibliografía e estatísticas), tanto en lingua galega como española ou inglesa, mediante diferentes ferramentas, incluíndo os recursos telemáticos.			
6. Capacidade para o pensamento crítico.			
7. Actitude activa perante os feitos de actualidade que afectan ao entorno económico da economía española dentro do proceso de globalización económica.			

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Técnicas de análise estrutural ou a medición da economía.	1. Contabilidade Nacional. Macromagnitudes. 2. Análise Input-Output. Balanza de Pagamentos. 3. Indicadores socioeconómicos.
2. Unha visión panorámica da economía española	4. O capitalismo como sistema económico. 5. As grandes etapas no devir da economía mundial do século XX. 6. Globalización, integración, comercio e finanzas.
3. Relacións económicas internacionais e globalización.	7. Desenvolvemento e subdesenvolvemento na economía mundial. 8. Demografía e movementos migratorios. 9. Recursos naturais, medio ambiente e desenvolvemento sostible.
4. Unha visión panorámica da economía española.	10. As grandes etapas no devir da economía española do século XX. 11. Poboación, capital humano e mercado de traballo. 12. Capital físico, tecnoloxía e innovación.
5. A economía española: estrutura factorial e sectorial.	13. Os sectores productivos e funcionais na economía española. 14. Distribución daa renda e cohesión social.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A12 B1	2	0	2
Sesión maxistral	A3 A4 A5 A6 A9 B3 B4 B6 B7 C1 C5	15	30	45
Presentación oral	A10 C7	8	10	18
Proba mixta	A7 A8 C8 C6	2	28	30
Obradoiro	A1 A2 A11 B2 B3 B4 B5 B8 B9 B10 C1 C4	22	28	50
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación da materia onde se explica ao alumnado o desenvolvemento do programa, os instrumentos de análise básicos para a medición da economía, as fontes documentais que se han utilizar durante o curso, a bibliografía recomendada e mais os requisitos necesarios para a avaliación continua.
Sesión maxistral	Empregarase o método expositivo coa finalidade de facilitar ao estudante información organizada sobre os coñecementos fundamentais correspondentes aos distintos temas
Presentación oral	Empregarase o método expositivo coa finalidade de facilitar ao estudante información organizada sobre os coñecementos fundamentais correspondentes aos distintos temas
Proba mixta	Proba escrita sobre os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos sobre a economía mundial e española.
Obradoiro	Actividades en clase, solución problemas, lecturas, participación en clase

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Formaranse dous subgrupos de 15 alumnos. Fixaranse as tutorías que han durar ata 4 horas para cada un deses subgrupos e planificaranse ao longo do curso. Hase avisar con antelación dabonda. Destinadas a reforzar a aprendizaxe autónoma do alumnado a través do seguimento e mais a supervisión das distintas actividades programadas (procura de datos económicos, fontes bibliográficas, resolución de problemas, exposición de traballos).

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A7 A8 C8 C6	Proba escrita sobre os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos sobre a economía mundial e española. Realizarase en período de exames. Esíxese unha cualificación igual o superior a 3/10 nela para superar la materia.	60
Presentación oral	A10 C7	O estudante deberá realizar unha ou dúas ao longo do curso. Valorarase a adecuación do tema exposto á materia, o seu grado de dificultade, o dominio do tema e mais a habilidade na comunicación oral.	5
Obradoiro	A1 A2 A11 B2 B3 B4 B5 B8 B9 B10 C1 C4	Actividades en clase, solución problemas, lecturas, participación na clase	35

Observacións avaliación



Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

Mínimos das partes da materia: Para superar a materia, é necesaria unha cualificación igual ou superior a 3 sobre 10 na proba mixta.

Na segunda oportunidade manteráanse os mesmos criterios de avaliación que na primeira oportunidade

Condições de realización da avaliación final: Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información

Fontes de información

Bibliografía básica	Alonso, J.A. (dir.) Lecciones sobre economía mundial, Ed. Thomson;Civitas, Madrid, 2011. Galbraith, J.K. Introducción a la economía. Una guía para todos (o casi), Ed. Crítica, Barcelona, 2001. Garicano, L. El dilema de España, Ediciones Península, Barcelona, 2014 García Delgado, J.L., Miro, R. (dir.) Lecciones de economía española, Ed. Thomson;Civitas, Madrid, 2013. Krugman, P.; ¡Acabad ya con esta crisis!, Crítica, Barcelona 2012. Requeijo, J. et alii Técnicas básicas de Estructura Económica, Delta Publicaciones, Madrid, 2007. Sachs, J. Economía para un planeta abarrotado, Debate, Barcelona, 2008 Sampedro, J.L. El mercado y la globalización, Ediciones Destino, Madrid, 2002 Páginas web de los principales organismos económicos españoles (Banco de España, BBVA, INE, Ministerio de Economía y Hacienda, Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, etc.) Páginas web de los principales organismos económicos internacionales (EUROSTAT, Banco Mundial, FMI, OMC, OCDE, PNUD, UNCTAD, etc.).
Bibliografía complementaria	Carpintero Redondo, O. El metabolismo de la economía española. Recursos naturales y huella ecológica, Fundación César Manrique, 2005. Cohen, D. La prosperidad del mal. Una introducción (inquieta) a la economía, Ed. Taurus, Madrid, 2010. Delibes, M. y Delibes de Castro, M. La Tierra herida, Ediciones Destino, Madrid 2005. Diamond, J. Colapso. Por que unas sociedades perduran y otras desaparecen, Debate, Madrid, 2006. Galbraith, J.K. La cultura de la satisfacción, Ariel, 2000. García de la Cruz, J.M. & Durán Romero, G. Sistema económico mundial, Ed. Thomson, Madrid, 2004. González J., Requena, M. (eds.) Tres décadas de cambio social en España, Alianza Editorial, Madrid, 2005. González, M. Temas de economía española, Tirant lo Blanch, Valencia, 2008. Hamilton, C. El fetiche del crecimiento, Editorial Laetoli, Pamplona, 2006. Klare, M. Sangre y petróleo, Tendencias (Ediciones Urano), Barcelona, 2007. Martín Mayoral, F. (coord.) Manual de economía española: teoría y estructura, Pearson, Madrid, 2009. Muñoz, C. et alii Las cuentas de la nación II. Ejercicios, Ed. Thomson &Civitas, Madrid, 2007 Navarro, V. Bienestar insuficiente, democracia incompleta (Sobre lo que no se habla en nuestro país), Anagrama, Barcelona, 2002. Navarro. V. El subdesarrollo social de España, Anagrama, Barcelona, 2006. Nieto Solís, J.A. Organización económica internacional y globalización, Siglo XXI, Madrid, 2005. Pastor, Alfredo La ciencia humilde. Economía para ciudadanos, Crítica, Barcelona, 2007. Pugel, T. Economía internacional, Mc Graw-Hill, Madrid, 2004. Sachs, J. El fin de la pobreza, Debate, Barcelona, 2005. Sampedro, J.L. Economía humanista. Algo más que cifras, Debate, Barcelona, 2009 (prólogo de Carlos Berzosa).Sampedro, J.L, Taibo, C. Conversaciones sobre política, mercado y convivencia, Los Libros de la Catarata, Madrid, 2006.Sartori. G., Mazzoleni, G. La Tierra explota. Superpoblación y desarrollo, Ed. Taurus, Madrid, 2003.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Principios de Macroeconomía/611G02005

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

É importante a lectura da prensa e mais de revistas económicas. Hanse poñer a disposición do estudante diversos materiais tanto na fotocopiadora como no Moodle da materia.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías